

# ACTIVIDADES

## CARTEL Nº1:

1. Neste revolto de palabras hai dúas que non teñen que ver con *María Victoria Moreno Márquez*, encóntraas e ríscaas:

Árbore e Galaxia

Manuel María

Valencia de  
Alcántara

Pontevedra



Valladolid

Letras Galegas 2018

2. Fai o encrucillado poñendo en orde as palabras sobre M<sup>a</sup>


Victoria Moreno Márquez:

a. Cidade onde pasou os seus últimos anos de vida


b. Nome da autora

c. .... de Alcántara.

d. Título do seu primeiro libro: Mar .....



3. Debuxa esta caricatura de María Victoria baseándote na guía ofrecida.



4. Busca na seguinte sopa de letras os lugares onde estivo vivindo María Victoria: Cáceres, Barcelona, Madrid, Lugo, Pontevedra, Sanxenxo.

I	B	Z	Q	Ñ	F	U	Q	F	C
A	R	D	E	V	E	T	N	O	P
P	V	G	B	W	M	T	T	X	E
S	F	U	Q	D	I	R	D	A	M
F	A	S	E	R	E	C	A	C	D
K	Y	M	Q	V	Q	K	D	Y	L
S	B	O	U	U	L	W	T	G	B
R	A	U	Q	U	X	U	U	U	R
X	R	N	O	P	N	K	G	H	Q
K	X	X	X	Y	W	U	N	O	W
A	N	O	L	E	C	R	A	B	V
V	K	L	Ñ	B	N	Ñ	V	A	R
Y	U	Ñ	E	Ñ	Ñ	X	D	A	L
F	C	V	N	T	D	K	O	Z	R
O	Z	S	N	G	W	V	P	Ñ	S

5. Copia as letras do nome da autora homenaxeada


M	A	R	Í	A	V	I	C	T	O	R	I	A

M	O	R	E	N	O	M	Á	R	Q	U	E	Z

6. Fai un breve resumo da vida de María Victoria Moreno Márquez e logo expón esta información diante dos teus compañeiros.

## CARTEL Nº2:

1. Debuxa unha portada dalgún libro que escribira María Victoria Moreno Márquez





## CARTEL Nº3:

1. Investiga sobre o Estatuto de Autonomía de Galicia:
  - Cando se aprobou?
  - Que dereitos nos da aos galegos e galegas?

- Por que pensas que foi importante para nós.

## CARTEL Nº4:

1. María victoria foi unha grande admiradora de Carlos Casares, Otero Pedrayo e a obra do Quixote, relaciona as seguintes imaxes.



2. Ordena as letras para construír a palabra referente á vida da autora homenaxeada. Preta atención ás pistas para conseguir ordenalas ben:

-Lugar onde estudou a carreira de filoloxía (ARDMID):\_\_\_\_\_

-Foi directora desta colección da editorial Galaxia

(ERBAOR):\_\_\_\_\_

-Naceu en Valencia de ... (LACANARAT): \_\_\_\_\_

-Este autor influíu moito na súa obra (OSLARC

ASRSECA):\_\_\_\_\_

-Era grande admiradora desta obra (O UIXOQET):\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

3. Saberías dicir a qué autores recoñecidos coas Letras

Galegas corresponden os seguintes versos:

Adiós ríos, adiós fontes

adiós regatos pequenos

adiós vista dos meus ollos

nunca máis nos veremos...

Autor/a:

O arco da vella

no ceo subido

co seu colorín

co seu colorido...

Autor/a:

O reloxo da sala  
óese ao lonxe  
e eu agardo entre as sabas  
que cante as doce,

Autor/a:

### CARTEL Nº5:

1. Investiga en qué consiste o traballo de dirección dunha editorial.
  
2. No libro "Eu conto, ti cantas", busca as respostas ás seguintes preguntas:
  - a- Por que Nico non se pode ir con correcamiños e aquela señora?
  
  - b- Que letra do abecedario leva o ene?
  
  - c- Por que o neno dorme na butarda?



3. A continuación preséntanse unha serie de libros de María Victoria Moreno, pero hai un que non pertence a esta autora, cal dos seguintes libros é un intruso?

MAR ADIANTE

POEMAS BIROLLOS PARA  
LER COS OLLOS

ANAGNÓRISE

E HABERÁ TIRÓN DE  
ORELLAS?

4. Ordena cronolóxicamente os seguintes libros de María Victoria Moreno Márquez:

### CARTEL Nº6:

1. Completa as seguintes frases coas palabras do recadro:

María Victoria Moreno Márquez; Galaxia; Pontevedra;  
Valencia de Alcántara; Eu conto, ti cantas; Árbore

- A autora á que se lle adican as Letras Galegas 2018 chámase \_\_\_\_\_
- María Victoria Moreno naceu en \_\_\_\_\_
- O seu derradeiro libro titulábase \_\_\_\_\_
- Traballou na editorial \_\_\_\_\_
- María Victoria Moreno Márquez finou en \_\_\_\_\_ no ano 2005.

- Foi directora da colección \_\_\_\_\_ da editorial Galaxia.

2. Le o seguinte poema de María Victoria e contesta ás preguntas:


A noite vai subindo,  
medran as sombras,  
gabean polo aire  
figuras tolas.

Máis sae a lúa  
e florece o sosego  
na terra escura.

**Debuxa o que está a pasar no poema**

- Que está pasando no poema?
- Subliña as palabras que riman do poema.
- De que está feita a lúa?
- Explica cómo sería para ti vivir na lúa.

- Completa o encrucillado:



- 1) Cada un dos corpos celestes que xira entorno ao sol, como Xúpiter ou Saturno.
- 2) Satélite da Terra.
- 3) Planeta que habitamos
- 4) Corpo celeste que xira en torno a un planeta.
- 5) A nosa estrela

### CARTEL Nº7:

1. Contesta se son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións:
  - María Victoria naceu en Galicia


- María Victoria morreu en Galicia
- O primeiro premio que gañou foi o Concurso nacional de contos infantis da agrupación O Facho
- O último premio outorgado a esta autora foi no ano 2000.
- Esta autora gañou máis de un premio nos anos 70.

### CARTEL Nº8:

1. Ilustra o seguinte poema de María Victoria Moreno sobre o can Nicolau:

Chamáronlle Nicolau  
un día de primavera  
cando chegou a esta vida  
aqueel novel de seda.

Era un canciño moi feito  
de capa brillante e negra,  
doces olliños de mel  
e bondadosas orellas...



Responde:

Como se chama o can?

---

2. Lectura "Xa non teño medo!"(pax. 9)

Busca na lectura dúas palabras agudas:

---

Fai un resumo da lectura.

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

3. Lectura "Medraron!" (páxina 28)

Busca dous substantivos propios e dous comúns.

Substantivos propios

Substantivos comúns

4. Un dos poemas de María Victoria titúlase "Xa non teño medo!", do libro "Eu conto, ti cantas". Le atentamente este texto e responde as preguntas:

Eu durmo na bufarda

porque son malo,  
porque esperto de noite  
e porque falo.

Mais mamá dixo  
que podía chamala  
de ser preciso.

Anque os primeiros días  
pasei ben medo  
coas sombras, cos ruídos  
e co silencio,

souben axiña  
que a noite é unha festa  
moi divertida.

Cando a nai mata as luces  
nace un silencio  
que é redondo e escuro,  
mais non dá medo.

Cómpre afacerse  
e as faíscas e as voces  
logo aparecen.

O reloxo da sala  
óese ao lonxe  
e eu agardo entre as sabas  
que cante as doce,

para que saian  
os diabriños que viven  
na miña casa.

No armario máis pequeno  
teño tres gatos,  
un canciño de seda  
e dez lagartos.

Dormen de día  
e polas noites traman  
mil ousadías.

a) A que conto pertence o poema?

b) Explica coas túas palabras o poema que acabas de ler.

c) Copia de novo este cacho do poema en verso.

Eu durmo na bufarda poque son malo, porque esperto de  
noite e porque falo. Mais mamá dixo que podía chamala de  
ser preciso. Anque os primeiros días pasei ben medo coas  
sombbras, cos ruídos e co silencio, souben axiña que a noite é  
unha festa moi divertida.

d) Quen é a personaxe principal do poema?

e) Dá a túa opinión: gustouche o poema? Por que?

5. Lee este texto e contesta as preguntas

Galopean polo aire,  
soben ás camas,  
e os medrosos supoñen  
que son pantasma.

Mais son amigos,  
larpeiros e curiosos  
coma os meniños.

- 1) Que tipo de texto é?
- 2) Sabes de que animal se fala na lectura?
- 3) Fai unha redacción co animal que che de máis medo.

6. Completa o encrucillado dixital sobre a obra  
"A brétema" no seguintes enlace:

<http://aulademiaba.blogspot.com.es/2018/01/crucigrama-bretemam-victoria-moreno.html>

Tamén podes usar o código QR para chegar directamente ao enlace.





7. Realiza o ditado dixital que se propón no seguinte enlace:

<http://aulademiaba.blogspot.com.es/2018/01/ditado.html>

Tamén podes acceder a el a través do código QR que aparece á marxe.



### CARTEL Nº9:

1. Escolle un poema de María Victoria e representao cun debuxo explicativo.
2. A propia María Victoria definía a súa relación con Galicia e co galego cunha preciosa frase. Serás quen de ordenar estas palabras e descubrir a frase misteriosa?

con	unha	é
	A	co
Galicia	relación	amor
e	galego	miña
historia	simplemente	de

Frase: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

3. Recorta polas liñas para crear os teus crebacabezas da autora homenaxeada nas Letras Galegas 2018:





## CARTEL Nº10:

1. Ordena cronolóxicamente as autoras homenaxeadas no día das letras galegas e pon o ano no que se lle adicaron as Letras Galegas.

# ACTIVIDADES PARA EDUCACIÓN INFANTIL

1. Recorta polas liñas para crear os teu crebacabezas da autora homenaxeada nas Letras Galegas 2018:



2. Copia as letras do nome da autora homenaxeada

M	A	R	Í	A	V	I	C	T	O	R	I	A

M	O	R	E	N	O	M	Á	R	Q	U	E	Z

3. No conto Eu conto, ti cantas, reunense tres historias.

A primeira delas, "Xa non teño medo" contanos como Xan tiña medo cando ía para a cama e como conseguiu superalo.

Cal é a cousa que máis medo che da a ti? Debuxa no seguinte recadro e escribe o seu nome.



NOME:



4. Outra historia de Eu conto, ti cantas , chámase "Can branco, can negro" Estes cans chámanse Nicolau e Correcamiños. Ti tes un can na casa ou algunha outra mascota?

Debuxa a túa mascota, e se non tes debuxa o teu animal preferido. Como se chama? Que nome che gustaría poñerlle?

CHÁMASE: \_\_\_\_\_



5. Pon unha pegatina enriba de cada can negro e outra  
debaixo de cada can branco











6. Moita xente vive con cans nas súas casas, sabes como se chaman os animais que poden vivir nas casas das persoas?  
Colorea a palabra que penses que é correcta e rodea os animais que poden vivir con nós na casa.

SALVAXES


DOMÉSTICOS




7. A última historia deste libro leva por título "Un cachiño de bica?. Nica é unha cadela un pouco lambona á que lle gusta moito a bica, é a ti? Gústache este doce tan rico? Seguro que si pero.... sabes cales son os seus ingredientes? Une cada debuxo co seu nome.




OVO



LEITE



AZUCAR






LEITE



FARIÑA

8. A bica é un postre moi saboroso, pero... sabes se é doce ou salgado? Une cada alimento co seu sabor



DOCE

SALGADO